

**INTERVENCIÓN DA PROFESORA OLIVIA RODRÍGUEZ NA  
PRESENTACIÓN PÚBLICA DO LIBRO *RETORNO A IRIA FLAVIA***

*Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2006*

**E**ste era un libro moi necesario, pois estamos habituados a unha imaxe pre-xulgada de Camilo José Cela, adubada co morbo dos medios de comunicación máis proclives ou vendidos ao rechamante e ao que é efémero e superficial. Este libro vén iluminar unha das facetas da copiosa obra e a traxectoria artística de Cela, esa que só se pode explicar por unha ligazón profunda coa Terra que o deu á vida, Galicia.

A idea motora do libro tívoa Alvarellos, un editor que vén dando mostras do que pode ser a industria editorial galega de iniciativa privada que todos ansiamos, intelixente e laboriosa, con ambición por ocupar un lugar que ata agora só parecía que unha política de subvencións podía procurar. Eu estaba a traballar nun libro sobre a presenza de Galicia en *Papeles de Son Armadans* – ese libro que preparaba Carlos Casares do que me fixen cargo ao seu pasamento, a petición de Darío Villanueva-, e manexaba xa algunhas das pistas que habían de servir para esta escolma de traballos de Cela sobre Galicia que Alvarellos tiña na cabeza. A idea de *Retorno a Iria Flavia* foi ademais moi ben recibida pola Fundación Camilo José Cela, coa que manteño unha cálida relación desde lonxe, e que se aprestou a colaborar cos seus fondos documentais e coa organización deste acto.

O meu traballo consistiu na selección, introdución e revisión dos textos, por certo, ateigados de grallas cando se trataban de reedicións non revisadas polo autor, ou aparecidas en medios de expresión non galega. No meu limiar está o fundamental que eu quixen dicir na presentación destes cincuenta traballos – artigos, conferencias e ensaios, algunhas cartas- de Camilo José Cela, o Premio Nobel galego: todo un luxo para nós.

Cóntanse por centenares as páxinas que Cela dedicou a enxalzar ou reflexionar sobre Galicia, deixando aparte a obra de ficción centrada na terra, especialmente as novelas da súa triloxía galega, e o libro de memorias *La rosa*. Seleccionéi un fato deses traballos, publicados entre 1940 e 2001, onde pode advertirse mesmo unha evolución de estilo, unha viaxe do lirismo primeiro á rememoración última, sostida con forza polo humor irónico e esa fouteza que Cela soubo sempre transmitir a través da súa literatura, unha forza que o mantivo sempre ao pé de canón da vangarda creativa.

A miña selección segue varios criterios: Un de espazo, atendendo ao deseño do libro –o editor, filólogo, sabe o que se trae entre mans e propón e debate coa seleccionadora de textos-. En segundo lugar, procurei escoller textos que fosen significativos para os que traballamos sobre a cultura galega. Non quixen atermo ao politicamente correcto nin ao canon mínimo aceptado, ao que estamos afeitos a través dos mediadores culturais: refírome a uns



cantos autores e asuntos arredor dos cales estamos dando sempre voltas. Pero si tratei de amosar traballos que moitos dos lectores habituais dentro e fóra de Galicia nin sospeitaban que Cela puidese ter escrito. Textos reveladores de cousas esquecidas ou silenciadas por desleixo, e que podían manter hoxe especial interese. Fíxeno non tanto por Cela -que non necesita ser descuberto a estas alturas-, senón por todos nós, lectores que ás veces nos descoidamos por culpa da rutina. Escritos, por exemplo, sobre a evolución da lírica galega, sobre a influencia que nel que á soberbia *La Rosa* exerceu Antonio Noriega Varela, o poeta que preferiu cantar á cativa flor do toxo antes; sobre a profunda e especial amizade que mantivo con Celso Emilio Ferreiro, sobre a admiración por artistas como Isaac Díaz Pardo, ou sobre as tarefas que levou a cabo en tempos escuros a prol da cultura galega.

Un terceiro criterio, importante desde logo, é estético: fun á procura de textos que revelasen a arte literaria de Cela no seu grao máximo de esixencia: hai páxinas belísimas, dunha fondura estética e un lirismo propios do poeta que quixo ser Cela. Tamén as hai broncas e expresionistas, desde unha óptica da beleza deformada polo espello do esperpento. E o último criterio foi a miña vontade: escollín o que quixen, pois desexei compoñer un libro de Cela e para Cela, cun prólogo a el dirixido, pero desde a miña óptica, capturando referencias a asuntos, feitos e persoas que a min me atraían: Vicente Risco, Celso Emilio Ferreiro, os esquecidos escritores en castelán Francisco Camba, Wenceslao Fernández Flórez, escritores da emigración e o exilio como Silvio Santiago ou Ángel Lázaro,... Sen deixar de intentar que Cela brillase en todo o seu esplendor, que se soubese a verdade da súa relación coa cultura galega, especialmente durante o franquismo, acompañado de Emilio e Xosé M. Álvarez Blázquez, Paco del Riego e Celso Emilio. O seu papel reivindicador da acepción de *galego* como idioma no dicionario da RAE, a súa loita por divulgar a literatura galega que comezaba a rexurdir nos 50, con *Galaxia* especialmente, e o seu deveso pola tradución do galego de *La Familia de Pascual Duarte*, que saíu do prelo en 1961 tras dez anos de espera por falta de recursos económicos.

De todo isto extraín tres vertentes, tres eixos que poden explicar a relación de Cela con Galicia: A utilización do mundo cultural galego como materia literaria. A conciencia de pertencer a unha cultura diferenciada, desenvolvida tanto no interior como na diáspora. E a unión íntima coa terra de orixe, a Iria Flavia convertida en ónfalos ao que sempre quixo retornar.

*Olivia Rodríguez González*



Rúa das Arribadas 7, 1ºC  
15706 SANTIAGO (GALICIA)  
[www.alvarelos.info](http://www.alvarelos.info)  
Tel: 609 90 88 52